

FORMULARIO “ASISTENCIAS ÓRGANO COLEXIADO”. INSTRUCCIÓN:

1. Este formulario utilizarase para formalizar os gastos en concepto de asistencias de órgano colexiado da USC.
2. Os datos bancarios, para os pagamentos por transferencia, así como o enderezo son imprescindibles cando o interesado non é perceptor habitual de nómina da Universidade de Santiago de Compostela. Deben utilizarse para dar de alta o terceiro, no caso de que non o estea, acompañándoos dalgún documento acreditativo da titularidade da conta.
3. O Responsable de Asuntos Económicos comprobará que tódolos datos requiridos no formulario estean cubertos, especialmente os que teñen implicacións fiscais, e aplicará o desconto de IRPF que corresponda. A súa sinatura substituirase polo número de operación de SICUS.
4. A porcentaxe de retención de IRPF debe ser a que corresponda segundo a situación da persoa. No apartado “documentos” de SICUS está a información sobre as diferentes claves de IRPF
5. O abono mediante cheque bancario debe limitarse a casos nos que non sexa posible facer o pagamento por outros medios. Debe indicarse o número de cheque e acompañarse copia dixitalizada do mesmo, e neste caso, o perceptor debe asinar por algún medio a recepción do importe líquido.
6. Consignarase un número único na parte superior dereita do formulario coa seguinte composición: as letras AS seguidas de ano (dous díxitos) + código orgánico + número ordinal (tres díxitos). Este número debe utilizarse como número de factura. Exemplo: AS208075001
7. Se algún membro do órgano colexiado invoca un convenio internacional para evitar a dobre imposición fiscal, é preciso que acredite documentalmente a súa residencia fiscal no país do que se trate mediante certificado emitido polas autoridades fiscais daquel país. Nestes casos, logo de confirmar a existencia e ámbito de tal convenio, acompañarase unha copia de toda a documentación, incluído o pasaporte, no apartado de obrigas de SICUS, para a súa inclusión na declaración fiscal procedente (no momento en que se presente algún caso pódese consulta-lo procedemento na Sección de Contabilidade). No apartado "Observacións" indicarse "Convenio internacional con . . ."
8. Toda a documentación xustificativa da operación debe almacenarse e tramitarse en formato dixital